

## 1923. Cen anos do golpe de Primo de Rivera. O seu impacto inicial no Val de Miñor

José Luis Mosquera Veleiro

Autor para correspondencia: [jlmosquera@hotmail.com](mailto:jlmosquera@hotmail.com)

Como citar este artigo: Mosquera Veleiro, J.L. (2023). 1923. Cen anos do golpe de Primo de Rivera. O seu impacto inicial no Val de Miñor. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 87-89

### Resumo

O golpe de estado do Capitán Xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, en setembro de 1923, foi bendicido desde o seu inicio pola maioría das elites do Val de Miñor: mauristas, socialistas, agrarios, rexionalistas e mesmo os eclesiásticos viron no Directorio a esperanza de poñer fin ao caciquismo, que representaban na comarca os dirixentes e funcionarios urzañistas. A disolución dos concellos e o nomeamento dos delegados gubernativos, de orixe militar, foron as súas primeiras medidas para rexenerar os municipios.

### Abstract

The coup d'état of General Captain of Catalonia, Miguel Primo de Rivera, in September 1923, was supported from the beginning by the majority of the elites of the Val de Miñor: mauristas, socialists, agrarians, regionalists even the ecclesiastics saw in the Directorio (new administration) the hope of putting an end to the despotism, which was imposed by the urzañista leaders and officials. The dissolution of the town councils and the appointment of government delegates from the military were the first measures to regenerate the municipalities.

O día 13 de setembro de 1923 publicouse no *Diario de Barcelona* o Manifesto de Primo de Rivera *Al País y al Ejército*. Nesta extensa proclama sediciosa, o Capitán Xeneral de Cataluña comeza e termina xustificando o golpe:<sup>1</sup>

“Cuanto amando la patria no ven para ella otra solución que libertarla de los profesionales de la política, de los hombres que por una o por otra razón nos ofrecen el cuadro de desdichas e inmoralidades que empezaron el año 98 y amenazan a España con un próximo fin trágico y deshonroso (...) No hemos conspirado; hemos recogido a plena luz y ambiente el ansia popular y la hemos dado algo de organización, para encauzarla a un fin patriótico exento de ambiciones”.

Os motivos fundamentais que xustifican este pronunciamiento, recollidos a modo de programa neste Manifesto, eran varios, e da lectura do mencionado documento concluíase, por unha banda, a necesidade de atopar unha solución ao crecente deterioro da orde pública; por outra, buscar unha saída ao sanguento conflito con Marrocos e, por último, a extirpación da política antiga e substituíla por unha política rexeneracionista co fin de conducir a España por outros camiños e cara a outros destinos (Casassas, 1983:20).

Daba comezo o que Santos Juliá denominou “dictadura con rey” (Juliá Díaz, 1999:63) e que ía durar ata a dimisión de Primo, a finais de xaneiro de 1930. A prensa da capital, ao día seguinte, vai dedicar amplos comentarios á nova situación política. No *Imparcial* líase que o movemento militar tiña o seu fundamento no “desatino de los gobernantes y la

<sup>1</sup> *ABC*, 14 de setembro de 1923

corrupción de las costumbres políticas”, lamentando que non se levantase, moito antes, a opinión pública contra esta situación. Pola súa banda, *El Sol* dicía que o país o que demandaba era rapidez e precisión á hora de resolver os problemas, “sobre todo los de Marruecos y sus responsabilidades”, para lamentar que anos atrás, en 1914, o exército, que contaba co apoio entusiasta da poboación, non adoptase xa esa actitude. *La Libertad* non era tan optimista e comentaba que nun principio o golpe de estado, por medio do seu manifesto, “fracasó moralmente, pues no dedica la atención que merece a los problemas de las libertades públicas, de Marruecos y de las responsabilidades”. Por último o *ABC* asegurou que á opinión pública o pronunciamento “no le ha contrariado y, por el contrario, le ha entusiasmado”.

Uns días despois e, con motivo dunha rolda de prensa cos directores dos xornais madrileños e das axencias de información, o marqués de Estella, ante as insinuacións destes de que se notaba unha inclinación cara ás posicións conservadoras, vai deixar clara a ideoloxía do Directorio:

“Lo que sí he de aclarar es lo concerniente a nuestra presunta significación política. Periódicos hay que tratan de definirla. Es en vano señores. No representamos un gobierno de derechas ni de izquierdas. Sinceramente digo que no sé cuáles son las ideas políticas de mis compañeros de Directorio. Nunca hemos hablado de eso. En general, el ejército vive ajeno a la política (...) es lógica la semejanza de este Directorio con un gobierno de derechas, pero esto es circunstancial”.<sup>2</sup>



Miguel Primo de Rivera. Mundo Gráfico, 19-IX-1923

2 *El Sol*, 18 de setembro de 1923.

Así mesmo, transmitiu á prensa a idea de que ese Goberno non tiña vocación de permanencia no poder, que a súa misión rexeneradora era transitoria no tempo, e mesmo se atreveu a poñer data de caducidade que taxou en tres meses.

“Es algo así como el vencimiento de una letra y no quisiéramos renovarla. Si el plazo puede limitarse a noventa días, mejor será que ampliarlo a ciento veinte. Estamos dispuestos a trabajar mucho (...) Noventa días a diez horas diarias de trabajo arrojan un total de novecientas horas. Acaso basten”.<sup>3</sup>

Poucos réximes políticos chegaran a España co grao de aceptación popular e de aplauso da opinión pública e dos intelectuais como o de Primo de Rivera (Villares, 2005: 221-222). En Galicia non foi unha excepción, mesmo con máis razón, xa que é un dos territorios do Estado onde o caciquismo necesitaba un “proceso quirúrgico máis profundo” e, por tanto, onde se podería esperar que o cambio de réxime producise un maior número de transformacións tanto políticas como sociais (Veiga Taboada, 2004: 41).

Á tardiña do día 14, Vigo e o seu distrito quedarán baixo a soberanía da nova institución golpista coa publicación do bando marcial asinado por Ángel Rodríguez del Barrio, xeneral de Brigada, gobernador militar da provincia de Pontevedra e praza de Vigo, e cuxa promulgación<sup>4</sup> vai supoñer o acto inaugural da Ditadura na comarca.

3 Ese período de tempo era o que Primo de Rivera calculaba para a rexeneración do país, que se consumiría “en el saneamiento y la imputación y, tras la intervención quirúrgica, vendrá la convalecencia en el sanatorio”. *El Sol, Ibid.*

4 “Hago saber: Que habiéndome hecho cargo del mando de la provincia, conforme al artículo 13 de la Ley de orden Público, por haber sido declarado el estado de guerra en todas las provincias del Reino, y en uso de las facultades que me confiere aquella. Ordeno y mando

1.- Mientras lo exijan las circunstancias, además de los delitos de competencia de jurisdicción militar, serán juzgados en consejo de Guerra con arreglo al Código del ejército y Leyes especiales, los responsables de delito contra fuerza armada, los de desórdenes públicos, los de amenaza, rebelión y sedición, los de despojo, saqueo y producir daños en los bienes particulares, del Estado, provincia o municipio cuando se verifiquen con violencia o en tumulto, los de atentado a la libertad del trabajo y de contratación, coacciones, violencias o maquinaciones para impedir la importación de víveres y mercancías destinadas al consumo y los de excitar por medio de la palabra o por escrito a la comisión de los anteriores delitos o infracciones de lo mandado.

2.- Serán severamente castigados cuantos individuos incurran en penalidad por el levantamiento de raíles, ataques a los trenes o interceptación de comunicaciones, telégrafos, teléfonos, luz eléctrica, fuentes, cañerías etc. 3.- Se prohibirá la formación de grupos, principalmente en las inmediaciones de las estaciones y vías férreas, debiendo ser disueltos por la fuerza si no lo hicieran después de las intimidaciones reglamentarias, lo mismo que no se permitirán reuniones en centros sociales, ni manifestaciones en la vía pública sin previa autorización, quedando sometidas las personas que las organicen o las promuevan a la jurisdicción de Guerra, como también los que desobedezcan y desacaten a los agentes de la autoridad en el ejercicio de sus funciones.

4.- Las autoridades y tribunales del fuero ordinario continuarán actuando en cuanto no se oponga a este bando, reservándose la facultad de ampliarlo en los términos que los sucesos aconsejen.

Todos os xornais que exercían certa influencia sobre a contorna do Val de Miñor, fosen do matiz político que fosen, apoiarán o golpe: *Faro de Vigo*, *El Progreso* e o *Diario de Pontevedra*; os semanarios agrarios *El Tea* de Pontearreas e *El Heraldo Guardés* da Guarda; tamén os católicos, *La Integridad* de Tui e *La Voz del Miñor* de Baiona. Caso especial é o diario vigués *Galicia*<sup>5</sup>, que se limitará a expoñer as noticias que lle chegan por medio das axencias, sen publicar editorial ningún de colleita propia e saudando o pronunciamento con algún título e subtítulo de dubidosa adhesión como “España conmocionada por una gravísima sublevación militar”, ou tratando de restar protagonismo popular aos golpistas “en Vigo no tuvieron eco los acontecimientos que tienen lugar en Barcelona y en otras capitales”, o que daba a entender unha certa decepción deste xornal pola sublevación.

A reacción, en cambio, ante a nova situación política por parte do movemento societario agrario, de sociedades culturais e de recreo, así como afiliados e militantes de sindicatos obreiros, socialistas, tamén dos notables e persoeiros do Val de Miñor, foi de adhesión, acatamento e mesmo, en numerosos casos, de entusiasmo cara ao pronunciamento do marqués de Estella. Neste senso manifestáronse personalidades de significadas ideas galeguistas e rexionalistas: O xornal *A Nosa Terra*, nun artigo titulado *Renovación*<sup>6</sup> saudou a chegada do novo réxime, e o galeguista Luís Pena Novo, no número inaugural do novo diario *El Pueblo Gallego*, escribiu a ese respecto “el Directorio con el solo hecho de su advenimiento ya hizo un gran beneficio a España”<sup>7</sup>. En canto aos agrarios, pódese citar a afección que lle mostraron as sociedades agrarias do municipio de Baiona, en nome das cales o presidente da sociedade *La Reconquista* de Sabarís, Belarmino Misa, envioulle un telegrama de felicitación ao ditador cun desexo: “esperando que sea la salvación de España”<sup>8</sup>. Outro tanto fixeron os sindicatos católicos agrarios da mesma localidade, primeiro o de *Santa Liberata* de Baiona, e máis tarde o de *Santa Cristina* de Sabarís:<sup>9</sup>

Pero o respaldo definitivo do mundo agrario galego vai chegar da man da poderosa *Confederación Rexional de Agricultores Galegos*, que estaba formada por máis de 350 sociedades agrarias, entre cuxos líderes se atopaba o cura de Beiro (Ourense), Basilio Álvarez. Nun comunicado asinado a principios de outubro e dirixido a Primo de Rivera, esta organización non só reconece o feito consumado do movemento militar, senón que o aplaudiu, ofrecendo a colaboración do agrarismo galego para lograr os fins de xustiza, saneamento

Pero confío que dados los altos y nobles fines que han dado origen al estado de guerra que se proclama en este Bando, prestarán todo su concurso para que la paz no se altere y el trabajo siga su labor fecunda”. *Faro de Vigo*, 15 de setembro de 1923.

5 *Galicia*, 14 de setembro de 1923

6 *A Nosa Terra*, 1 de outubro de 1923.

7 *El Pueblo Gallego*, 27 de xaneiro de 1923.

8 *Faro de Vigo*, 25 de setembro de 1923.

9 *Ibid.*, 23 de novembro de 1923.

político, moralidade e limpeza administrativa a que se comprometeron os dirixentes do movemento militar triunfante<sup>10</sup>.

Ao mesmo tempo, a sociedade civil de Baiona, así como ex concelleiros e mesmo políticos en activo, vanse mobilizar co apoio da importante e influente colonia estival madrileña e, previa autorización do novo gobernador militar Rodríguez del Barrio, reuníronse e publicaron un importante comunicado de adhesión ao novo réxime. Era a primeira vez que desde ese municipio se arengaba non soamente os seus conveciños da comarca e a provincia, senón a cidadanía galega en xeral. O manifesto quería evitar o fracaso do levantamento militar ao que consideraba de civil e democrático e chamaba ao apoio e colaboración dos españois honrados co Directorio e en contra do caciquismo. Propoñía a creación dunha Irmandade que se encargaría de perseguir, denunciar e destituír as autoridades caciquís e os seus colaboradores<sup>11</sup>.

“Gallegos:

Si los españoles honrados no apoyásemos el movimiento tan generosamente nacido en Barcelona, este fracasaría. Apartados de la Gobernación del Estado, los hombres que hasta ahora regían los destinos de España, surgirán otros que poco a poco, si el ambiente no se sana hasta los más apartados rincones, se gastarán inútilmente o se contagiarán de los viejos males.

Como la suerte de España está echada, sería indigno de seguir llamándose español quien en estos momentos no ayudase al elemento armado de la Nación en su ardiente cruzada de ciudadanía. ¡Porque nosotros entendemos que el actual levantamiento militar tiene un carácter efusivamente civil y democrático! La máquina estaba muy vieja y era preciso sustituirla por completo, pues de nada serviría la reposición de algunos órganos tan sólo de ella, siquiera fueran los más importantes. El caciquismo, esa plaga que padece España entera y que muy especialmente ha asolado este país gallego, quedaría vivo en sus grados inferiores y más dañinos, pese a todos los esfuerzos del Directorio Militar si ahora no le damos batalla en campo abierto ¡Con este fin os hablamos desde Bayona gallegos de las cuatro provincias! Para conseguir esto es para lo que os proponemos la creación de una Hermandad que regida por un Consejo superior con Delegaciones provinciales, sea la que pida la destitución de las autoridades afiliadas a los banderines del feudalismo político; la que denuncia a

10 *El Heraldo Guardés*, 13 de outubro de 1923. Tamén *El Pueblo Gallego*, 2 de xullo de 1924. A relación dos agrarios co Directorio durante eses primeiros meses do novo réxime constituíu unha auténtica lúa de mel. Así, o líder agrario e concelleiro de Pontevedra, Ramón Salgado, nun mitin en Aldán a finais de xuño de 1924, en compañía do delegado gubernativo, xustificou o golpe de Primo no que os agrarios galegos atoparan a confirmación das súas pasadas campañas caciquís “(...) ya que la salud de la patria demandaba esta intervención del ejército en evitación de posibles e inminentes peligros para la nación”.


11 *Faro de Vigo*, 26 de setembro de 1923.

los tribunales a aquellos a quienes se crea merecedores de semejante procedimiento; la que en todo momento vele por la pureza de los nuevos hábitos públicos; la que en fin prestando hombres nuevos, inyecte nueva savia en la vida nacional y regional.

¡Enviadnos vuestras adhesiones, vosotros los hombres libres, los sanos patriotas y marchemos adelante, por España, por Galicia y por el Rey!

Baiona, 23 de septiembre de 1923”

Das case noventa sinaturas que apoian o manifesto destaca a presenza de varios monárquicos da elite madrileña, como o marqués de Quintanar e o conde de Castelo, o aínda alcalde de Baiona, José Barreiro Álvarez, vellos monárquicos como Manuel Pedreiro Alonso, os ex concelleiros mauristas José M<sup>a</sup> Rodríguez Barreiro, Vicente González Cadilla, Ulpiano Nogueira, Pedro Miranda e Herminio Ramos González, os líderes da U.X.T. e do P.S.O.E. Joaquín Mandado e Agustín Villafines (concelleiro socialista na II República), os armadores Joaquín Pazo Nartallo (membro do goberno provisional da II República), Jesús Santodomingo, Policarpo Vilar (concelleiro na II República coa C.E.D.A) e Jesús Naveira, funcionarios municipais como o urzañista Manuel Veyra e Ventura Salgado, así como o secretario municipal Joaquín Peralba. Tamén veciños notables de Baiona, de ideario maurista e que van principiar a súa carreira política coa Ditadura, como Manuel Godoy Agrelo (posteriormente alcalde co Frente Popular), Leonardo González (menor) e o médico Jesús Varela Solleiro. Non fixeron acto de presenza na rúbrica dese documento, con algunhas excepcións, nin a vella nin a actual elite urzañista do municipio.



Gobernador Militar Ángel Rodríguez del Barrio, Vida Gallega 25-VII-1923.

Chamaban a atención as ambiciosas intencións dos asinantes que, por unha banda, pretendían que o manifesto excedese as fronteiras da comarca, e mesmo da provincia, para converterse nun chamamento de alcance rexional; e por outro, que se quixese transformar aos seus membros nunha especie de grupo vixiante e inquisidor contra os caciques e, ao mesmo tempo, nunha canteira de novos valores ao servizo da administración local do novo réxime, xa que a maioría dos asinantes non estaban contaxiados do virus do despotismo caciquil.

As fidelidades e devocións co Directorio militar por parte da opinión pública da comarca non terminaron aí. O semanario *La Voz del Miñor* publicou un artigo, do seu correspondente en Mañufe-Gondomar, asinado baixo o pseudónimo de *Canta Claro* (era a firma periodística do mestre nacional de Mañufe, o agrarista católico Rogelio da Granxa) que pretendía reflectir o sentir dos veciños deste municipio:

“Ahora lo que todos debemos pedir y desear, es que los bravos militares sigan impertérritos en sus puestos (...). El pueblo español tan sólo desea que esa actuación sana y honrada prosiga hasta la completa reconstrucción de la vida nacional. El pueblo español sólo desea que el Directorio perdure y viva, hasta tanto no dé fin a los males de la patria”.<sup>12</sup>

A aceptación case unánime e, en moitos casos, entusiasta que comentamos por parte dos colectivos agrarios e elites, a maioría sen experiencia política, e da veciñanza en xeral, ao novo goberno tivo moito que ver coa parte do programa do Directorio que se refería, por unha banda, ao despezamento do caciquismo e, por tanto, á fin das súas prácticas políticas e electorais, e, por outra, á chegada da anunciada honestidade na gobernanza das administracións públicas, especialmente as locais e provinciais.

Para lograr eses fins deseñáronse varios tipos de terapias de choque no ámbito da política local: accións legais levadas a cabo co fin de aplicar unha radical cirurxía á vella política e a anulación dos seus representantes, tales como a disolución dos concellos. Dúas eran as razóns que explicarían esas disolucións: por unha banda, o Directorio estaba convencido de que os representantes caciquís se fixeran co control dos municipios, polo que había que expulsalos deles, e doutra banda, as autoridades militares non eran competentes para distinguir entre os elementos pertencentes ao caciquismo e quen non, por iso vai decretar a disolución de todos e cada un dos concellos (González Martínez, 2000: 358)

Outro tipo de remedio eran as actuacións e a posta en marcha de instrumentos que fixesen posible a rexeneración e renovación co fin da formación dunha nova política, como podían ser: o nomeamento dos delegados gubernativos para os municipios, a implantación do Somatén e da Unión Patriótica, a promulgación do Estatuto Municipal e a posibilidade dos veciños de exercer o control sobre os

<sup>12</sup> *La Voz del Miñor*, 15 de decembro de 1923.

políticos locais coa participación directa nas sesións plenarias das corporacións locais. Para Tusell, os dous procedementos que podía utilizar Primo para rematar co sistema caciquil serán: o da intervención do goberno a nivel local ou o da lexislación a nivel nacional que terminase con esas secuelas. Ambos foron utilizados polo ditador (Tusell, 2007: 459).

A ruptura dos 9.254 concellos, de toda España, servidores da política da Restauración, vaise levar a cabo coa promulgación do decreto de disolución do 30 de setembro<sup>13</sup>, que fulminou as institucións monárquicas que viñan exercendo o poder local ata ese momento e substituíunas *instantaneamente* por vogais asociados membros da Xunta Municipal (Lei Municipal do 2 de outubro de 1887). É dicir, por unha comisión dos veciños propietarios máis importantes da localidade.

13 *El Sol*, 31 de setembro de 1923.

“Recogidos estos días los anhelos del alma popular, despertada a la vida ciudadana por la conmoción nacional del 13 de septiembre, pocos son tan intensa y unánimemente expresados como ver sustituidos en las corporaciones municipales a hombres que a la vez que semilla y fruto de una política partidista caciquil, venían con poca eficacia y poco escrúpulo entorpeciendo la vida administrativa de los pueblos.

El carácter general de la medida no puede implicar descontento ni censura que serían injustos, ni para todas las corporaciones municipales ni para todos los alcaldes, pues aunque, en corta proporción, unas y otros han ofrecido ejemplos de actuación ciudadana, que justifica esta salvedad.

A propuesta del Presidente del Directorio Militar y de acuerdo con el mismo vengo a decretar lo siguiente:

Artículo 1º.- Desde el día de la publicación de este Decreto cesarán en sus funciones finalizando su cometido todos concejales de los Ayuntamientos de la nación que serán reemplazados instantáneamente por los vocales asociados del mismo Ayuntamiento quienes sustituirán a los concejales el mismo día bajo la presidencia e intervención de la autoridad militar.

El Alcalde en cada Ayuntamiento será elegido en votación secreta de entre los vocales asociados posesionados de los cargos de concejales que ostenten título profesional o ejerzan industria técnica o privilegiada y en su defecto los mayores contribuyentes. Los demás cargos concejales se nombrarán inmediatamente también por elección entre todos los demás vocales asociados.

Artículo 2º.- En la sesión a que se refiere el artículo anterior los Ayuntamientos así constituidos procederán a nombrar las secciones que determina el artículo 66 de la ley municipal vigente y acto seguido a elegir por sorteo, con arreglo a los artículos 64, 65 y 68 los nuevos vocales asociados que con el Ayuntamiento han de constituir la Junta Municipal admitiendo excusas y oposiciones por veinticuatro horas y procediendo a nuevo sorteo, transcurrido este plazo para cubrir las vacantes de quienes se expresaron fundadamente: El mismo procedimiento se seguirá para cubrir cualquier vacante que en lo sucesivo pudiera producirse.

Artículo 3º.- Los secretarios de los Ayuntamientos cuidarán del cumplimiento estricto de las prescripciones de este decreto y serán personalmente responsables de su transgresión y de los acuerdos oficiales de los Ayuntamientos cuando no conste por escrito que llamaron la atención por las infracciones legales en que la Corporación incurriera.

Artículo 4º.- Los nuevos Ayuntamientos levantarán acta el mismo día en que se constituyen de la total situación del Ayuntamiento anterior. Se entenderá subsistente la ley municipal en cuanto no se oponga a los preceptos de este decreto.

Artículo 5º.- En casos que se consideraran convenientes podrán nombrarse por el gobierno los alcaldes de las poblaciones de más de cien mil habitantes.

Dado en Palacio, a treinta de septiembre de mil novecientos veintitrés.- Alfonso.-El presidente del Directorio Militar, Miguel Primo de Rivera y Orbaneja”.

Con todo, as autoridades militares déronse conta de que, coa constitución dos concellos formados polos vogais asociados, todo permanecía igual, porque, a pesar de que se renovaron as persoas, mantivéronse as institucións coas competencias e atribucións que a lei vixente lles outorgaba (Gómez Pedreira, 2008: 72). En rigor, non se experimentou cambio ningún, xa que estes non eran máis que apéndice do aparello caciquil anterior e que, a pesar de que os concelleiros nomeados ao comezo do Directorio non tiveran responsabilidades nos gobernos locais anteriores, saían do mesmo organismo: a Xunta Municipal de Asociados, que estivera nutrido de concelleiros e alcaldes as corporacións realistas. Era evidente que eran edís da mesma condición que os anteriores, coñecedores, consentidores e mesmo beneficiarios da política antiga e, por tanto, non eran representativos desa imaxe de rexeneración e cambio que se quería transmitir á sociedade. Unha proba diso vai ser cando as autoridades gobernativas cesen o alcalde de Baiona, Bernardino Araújo, por desobediencia e incumprimento dos acordos da corporación ás poucas semanas de ser nomeado,<sup>14</sup> ou as facilidades que se lle van conceder ao alcalde de Nigrán, Cadaval Zúñiga, á hora de presentar a súa renuncia.

As elites municipais e a súa forma de exercitar esa política local antiga eran coñecidas en todas as vilas rurais e parroquias, onde se asociaban con eses métodos caciquís a maioría dos políticos gobernantes e, no caso do Val de Miñor, os liberais partidarios de Urzáiz e, como colaboradores necesarios para soste a armazón caciquil, os altos funcionarios da Administración local, tales como secretarios, depositarios e recadadores, tamén os oficiais administrativos, os responsables das oficinas de Correos e Telégrafos, así como o xuíz, o secretario de Xulgado e o médico municipal.

Por tanto, o asalto planificado por parte do Directorio á fortaleza caciquil, que representaban os antigos concellos cos seus representantes e colaboradores internos e externos, vaise levar a cabo por medio dunha serie de disposicións.

En primeiro lugar, o telegrama<sup>15</sup> enviado aos gobernadores civís por parte do subsecretario do Ministerio da Gobernación, Martínez Anido, a principios de outubro, e que vai supoñer o control desde arriba da administración local, cunha serie de instrucións e mandatos aos que os recentemente estreados gobernos locais vanse ter que someter. No mencionado comunicado ordenábaselles aos gobernadores civís que lles esixisen aos concellos das súas provincias, nun prazo que non excedese dun mes, que formalizasen as contas non rendidas no último exercicio e o primeiro semestre do ano actual. Ademais, a autoridade provincial de adscrición militar ía examinar os balances por medio dunha inspección governativa e, no caso de que se atopase documentación administrativa susceptible de ilegalidade, procederíase a esixir as responsabilidades consecuentes.

14 *El Progreso*, 10 de novembro de 1923.

15 *El Sol*, 9 de outubro de 1923.

Os concellos, en diante, deberían ter atención preferente a: iluminación, augas, asistencia médica-farmacéutica, abastecemento de pan e demais artigos de absoluta e primeira necesidade. Respecto á hixiene, deberíanse impoñer a vacinación e revacunación e, ademais, adoptar as medidas necesarias a fin de evitar os focos que fosen orixe de enfermidades endémicas. En materia de subsistencias, como norma de estrito cumprimento, non se lles debía consentir aos comerciantes unha ganancia superior ao 14%, como interese do capital investido, dos cales o 6% tería que corresponder á dirección, administración e beneficio industrial, o 3% a imprevistos, quedando o 5% restante de ganancia líquida para o investidor. Respecto aos artigos de primeira necesidade, adoptaríanse as disposicións necesarias que fosen capaces de impedir que, sen estar abastecidas as poboacións, saísen delas os mencionados artigos indispensables.<sup>16</sup>

En segundo lugar, para poder levar a cabo esta política moralizante e exemplarizante afastada das prácticas caciquís e, ao mesmo tempo aplicar os correctivos necesarios, o Directorio Militar vai recorrer a persoal militar para ocupar o cargo de gobernador civil, o cal vai utilizar como brazo executor a figura do delegado gubernativo. Este novo corpo do estamento militar, composto por xefes do exército e oficiais co grao de capitán, noméanse co fin de institucionalizar o dominio da xerarquía militar sobre a vida da poboación civil e sobre as corporacións locais coa misión de exercer tarefas de vixilancia e inspección sobre a xestión deses concellos.



Delegado gubernativo Gil de Arévalo El Tea, 3-V-1924.

16 *Ibid.*

O Decreto que creaba a figura dos delegados gubernativos en todo o país publicouse na Gaceta do 20 de outubro de 1923. Iso significaba de feito unha reorganización en toda regra e en clave castrense do réxime local, que non agradou a toda a opinión pública, xa que isto permitiría que un militar interviñese na vida dos municipios, e esta intromisión era levada a cabo por un cargo que era nomeado pola superioridade, tamén militar, e non polo pobo: “es una declaración de la incapacidad de las clases civiles para dirigirse y administrarse”<sup>17</sup>. En definitiva, coa tutela asfixiante do delegado gubernativo sobre os gobernos locais, o programa político que van xestionar os concellos será o programa dos militares reconvertidos en políticos.

Por tanto, a tarefa deses funcionarios militares, metidos a pluralcaldes, debido a que o seu ámbito de dominio abranguíu varios concellos, era a súa rexeneración e, por elevación, a de todo o país. Tratábase, por tanto, de que estes delegados gubernativos fixesen, a nivel reducido, o que Primo de Rivera facía para toda España. De todas as súas competencias, as máis transcendentales para os seus superiores tiñan que ver coa “conducta y gestión”, e da consecución dos seus obxectivos podía concluírse que o exército salvaría a España. Iso instando a eses funcionarios militares a respectar a obrigaición de non facer política, tarefa case imposible dado o *totum revolutum* das súas funcións.

O certo foi que a presenza dos delegados gubernativos nos concellos suscitou todo tipo de temores e inquietudes, sobre todo ata finais do primeiro trimestre de 1924, en que, oficialmente, se deu por terminado o período de extirpación do caciquismo. Ata ese momento, ex alcaldes e ex concelleiros, funcionarios e ex funcionarios municipais de todo tipo sentían receos ante a visita desta autoridade, xa que podían terminar procesados ou detidos. Durante os últimos meses de 1923 e os primeiros de 1924, distribuíronse por todo o país uns 1.400 delegados militares, para supervisar, nunha atmosfera de pánico entre os funcionarios locais do vello réxime (Ben Ami, 1984: 71). Confesaría máis tarde o avogado baionés Ulpiano Nogueira. “...en la Dictadura los delegados gubernativos convirtieron los Ayuntamientos en cuarteles por la cantidad de detenidos”<sup>18</sup>. O mesmo Calvo Sotelo viu luces e sombras na xestión destes militares: (Calvo Sotelo, 1974: 28)

“La institución no fue ni buena ni mala; fue conveniente cuando surgió, y la vivieron unos con éxito y otros sin él, porque no es fácil trasladar de los cuarteles al ejercicio de funciones tan poco bélicas a 500 o 600 jefes y oficiales, sin una preparación previa que pudiera facilitarles el tránsito”.

O tenente coronel Gil de Arévalo foi o primeiro delegado gubernativo do Partido xudicial de Vigo, ao que pertencía a comarca do Val de Miñor. A súa primeira misión, por imperativo gobernamental, consistiu en iniciar unha

<sup>17</sup> *El Imparcial*, 13 de outubro de 1923.

<sup>18</sup> *La Voz del Miñor*, 25 de xuño de 1932

xira polos concellos onde vai exercer a súa responsabilidade. Foi nesas visitas aos municipios da súa demarcación, nesas conferencias para instruír os veciños, nesas mitins para resaltar o labor de Primo de Rivera e noutras actuacións, onde dará a coñecer o seu pensamento militar posto ao servizo dun cargo político, xa que necesariamente e, a pesar das recomendacións en contra, ten que tomar decisións políticas, pero sen saírse da ortodoxia marcada polo Directorio. Polo tanto, estará moi presente nas xestións políticas pero tamén nas tarefas educativas, culturais, laborais e, mesmo, nas relacionadas coa vida cotiá dos veciños. Pasará revista ás escolas, onde arengará e dará premios aos alumnos, mediará entre as autoridades locais e os carniceros e panadeiros, impartirá conferencias para animar os veciños a que se alistasen nas filas do Somatén e da Unión Patriótica, e presidirá os plenos cando se produzan as renovacións das corporacións ou en casos extraordinarios. En definitiva, actuará como o vicegobernador do partido xudicial de Vigo.

En Nigrán creará as xuntas locais de Sanidade e Instrución Pública; en Gondomar reunírase coa corporación para estudar o encaixe do orzamento, ao mesmo tempo que pedirá xenerosidade ao concelleiro e contratista Marcial Peralba na construción de fontes e bebedoiros nas parroquias e, en fin, para todos os concellos do Partido Xudicial e, co fin de modernizar a Administración municipal e de facer máis transparente a xestión económica local, así como facilitar a vida cotiá dos veciños, promulgará un comunicado onde instaba a que estes expuxesen diariamente e nun sitio ben visible das casas consistoriais un balance diario dos fondos públicos con gastos e ingresos especificados. Así mesmo, para evitar abusos, o delegado obrigará a todos os



José Martínez Barros. 1º Tte. Alcalde. Arquivo de Carmen Lugo Martínez

establecementos comerciais, sobre todo as tendas de ultramarinos, a que coloquen carteis cos prezos dos produtos que se venden<sup>19</sup>. En Baiona, aínda que fose unha cuestión menor relacionada co xogo, o delegado gubernativo tivo tempo para clausurar algunhas prácticas que consideraba prexudiciais para os intereses dos veciños da vila, por exemplo a existencia dunha rifa, na que se deixaban parte dos seus salarios os mariñeiros desta localidade<sup>20</sup>.

Gil Arévalo foi o máis activo de cantos delegados gubernativos exerceron no distrito de Vigo, quizais porque lle correspondeu executar as súas responsabilidades na etapa en que levaron a cabo os cambios de choque, nos momentos das imperiosas renovacións municipais, no período máis belicoso contra o caciquismo e contra as irregularidades administrativas, tal como foron os últimos meses de 1923 e primeiros de 1924. Aínda que non procedeu por igual para os tres concellos: varios son os actos que deron lugar aos seus discursos e, por tanto, ás súas inquietudes e vontades; por unha banda, o acto de presentación como delegado ás corporacións de Baiona, Gondomar e Nigrán, levada a cabo a principios de xaneiro de 1924 e, doutra banda, con motivo dos cambios corporativos en febreiro. Por último, na terceira renovación, produto da aplicación do Estatuto Municipal, en abril, non estivo presente na constitución dos gobernos locais, limitándose a mandar unha concisa nota.

Das exposicións de Gil Arévalo nas súas aparicións públicas, despréndense catro ideas que van constituir a clave de bóveda da súa actuación política: loita contra o caciquismo e o favoritismo, defensa do agrarismo, impulso para dinamizar o ingreso no Somatén e propaganda do apoliticismo desa formación e, por último, nomeamentos de novos concelleiros de matiz apartidario e que formarían parte de todas as clases sociais.

En Nigrán, por exemplo, declarou na súa primeira aparición, en xaneiro de 1924, que non viña facer política. E, ao mes seguinte, ao dirixirse aos concelleiros na toma de posesión da corporación, manifestou o seu desprezo pola política, pois “esta es una cosa que no me interesa porque soy apolítico”<sup>21</sup>.

A súa admiración polos agrarios e a súa defensa do agrarismo é tamén unha constante nas súas alocucións: “yo también soy agrario, aunque no trabajo la tierra”<sup>22</sup>, afirmou durante o acto de constitución do concello de Gondomar en febreiro de 1924. Tamén no mesmo mes e con motivo da toma de posesión dos concelleiros en Nigrán, o delegado gubernativo mostrou a súa satisfacción por atoparse entre elementos agrarios: “yo me siento un agrario más e

19 *Faro de Vigo*, 26 de xaneiro de 1924.

20 *Galicia*, 2 de febreiro de 1924.

21 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2036, Cartafol 2036/4. Sesión plenaria de 12 de febreiro de 1924.

22 *El Pueblo Gallego*, 15 de febreiro de 1924.

deseo que se extienda, pero separándolo de la política”<sup>23</sup>. Este afastamento da política do movemento agrario conduciría ao que el chamaba un “agrarismo de verdad”<sup>24</sup>, o cal estaría apoiado no movemento cooperativista, nos centros de ensino e no mutualismo. Nada novo respecto ao que el mesmo manifestara no mesmo lugar un mes antes: “seré un entusiasta propagandista de las sociedades agrarias, pero no permitiré que estas sean dirigidas por políticos”<sup>25</sup>.

En canto ás referencias sobre o caciquismo e enchufismo, o delegado vaine situar sempre no pasado, como algo xa superado: “se ha luchado contra el caciquismo”, comentou en Gondomar; ou cando se refería a que a súa presenza nesa mesma localidade era para buscar a cooperación de todos para reconstruír a España que todos desexamos “libre del antiguo régimen caciquil” e tamén condenando a mediación das recomendacións para a consecución de favores: “si los ciudadanos tienen reclamaciones que me las hagan personalmente”<sup>26</sup>. En Nigrán, Gil de Arévalo tamén exhortou os veciños para que se esforzasen en erradicar o favoritismo que, ata entón, viña imperando nese municipio.

E, para terminar coas intervencións do delegado gubernativo, sinalar que non eran herméticas nin se cinguían soamente ás cuestións ás que nos acabamos de referir. De cando en vez abordaba outro tipo de asuntos: por exemplo en Baiona, a mañá da súa presentación, vai pechar o seu discurso facendo un exercicio de austeridade e prometendo que el non sería unha carga económica para ningún municipio, “ya que no pienso percibir dietas de ninguna clase durante el tiempo que ejerza este cargo”<sup>27</sup>. Esta tarefa supervisora que alcanzou aos membros da corporación non soamente será exercida polo delegado gubernativo, senón tamén polos propios concelleiros e, o que é o máis importante, polos mesmos veciños, o que vai significar un avance, en certa medida, democratizador no procedemento administrativo de como se conducían as sesións plenarias respecto aos tempos da Monarquía. Así, por unha banda, os concelleiros poderán presentar mocións para debater e votar e, por outra, os veciños maiores de idade van ter a oportunidade de intervir nos plenos no punto de rogos e preguntas, de inclusión obrigatoria na orde do día. E todo isto elevado á categoría legislativa por medio do Real Decreto do 29 de outubro de 1923<sup>28</sup>, o que vai supoñer un importante avance na fiscalización do poder local por abaixo e unha oportu-

nidade para a intervención de elementos que van ir adquirindo progresivamente unha certa notoriedade na política local dos seus municipios. Ao mesmo tempo, os alcaldes ían quedar obrigados a enviar aos delegados gubernativos as actas das sesións plenarias aprobadas e debidamente cumprimentadas.

Como mencionamos anteriormente, a destitución das corporacións monárquicas e a constitución das novas tiveron lugar a través do Real Decreto o día 30 de setembro, e como tal vai transmitir telegraficamente ao concello de Baiona o día 1 de outubro. Para ese mesmo día estaban convocados en sesión plenaria, presidida pola autoridade militar da vila, o tenente de carabineiros Ramón Díaz de Guevara, os vogais da Xunta Municipal de Asociados elixidos por sorteo para constituír a nova corporación, de acordo coas ordes contidas no mencionado Real Decreto e os artigos 52, 53, 54, 55, 56 da Lei Municipal do 2 de outubro de 1877.

Martínez Barros e Rodríguez Alvorés eran os maiores contribuíntes da lista, polo que se procedeu, por mandato da autoridade militar alí presente, a nomealos candidatos á Alcaldía e realizar a correspondente votación. Houbo dúas quendas, unha ao non conseguir ningún candidato a maioría absoluta e outra por resultar igualados os edís propostos. Ao final, transgredindo a vixente Lei Municipal “dado lo extraordinario del presente caso”, na votación definitiva, e con todos os presentes como candidatos, saíu elixido o industrial panadeiro de Santa Cristina-Sabarís, Bernardino Araújo Abelaira.

Repetidos os plebiscitos para os postos de tenentes de alcalde e outros cargos menores, a primeira corporación de Baiona con que estreaba esa nova orde política foi:

---

gobernador civil de la provincia en el día siguiente, para conocimientos y efectos que crea oportunos.

Artículo 2º.- Para que pueda exponer libremente sus quejas en el salón de sesiones del Ayuntamiento habrá un lugar destinado al efecto, desde el que pueda con claridad oírse al denunciante. Una vez que haya terminado su alegación, que no podrá pasar de quince minutos, entregará todos los documentos que se refieran al caso al secretario del Ayuntamiento, quien bajo su firma le dará recibo enumerando en él todos los documentos presentados. En seguida se formará el oportuno expediente, si no estuviese ya iniciado, siguiendo sus trámites legales pero teniendo el solicitante derecho a pedir noticia cada ocho días de la tramitación y dándole por escrito el conocimiento debido, que firmará el secretario.

Artículo 3º.- Para seguridad del reclamante se le concederá por las denuncias que haga públicamente en el salón de sesiones del Ayuntamiento la misma defensa, garantías y ventajas que si fuera concejal.

Artículo 4º.- Todos los Ayuntamientos de España colocarán copia de este Real Decreto a las puertas de sus Casas Consistoriales, escrito a máquina o con letra muy clara, y fijando en una tablilla con separación de los demás anuncios: Se publicará además en el Boletín Oficial de la provincia.

Artículo 5º.- En su mismo día no podrán exponer sus quejas públicamente en el Ayuntamiento más de cuatro personas, y a fin de que exista un turno riguroso de peticiones, se llevará una lista, dándose a los peticionarios- que no tiene necesidad de manifestar el objeto de su petición- recibo del número que ocupen en la lista.

Artículo 6º.- La infracción de estos preceptos será castigada con una multa de 50 a 2.000 pesetas.

Si fuese el propio alcalde el infractor la multa será del doble”.

23 *Ibid.*, 13 de febreiro de 1924

24 Arquivo Municipal de Nigrán, *Ibid.* Sesión plenaria de 12 de febreiro de 1924.

25 *Ibid.*, Caixa 2036, Cartafol 2036/4. Sesión plenaria de 12 de xaneiro de 1924.

26 *El Pueblo Gallego, Ibid.*

27 *Galicia*, 10 de xaneiro de 1924.

28 *El Sol*, 31 de outubro de 1923. “Real Decreto.- Artículo 1º. Todos los habitantes de España mayores de edad cualquiera que sea su clase y condición, podrán exponer sus quejas y reclamaciones de carácter municipal en el Ayuntamiento que corresponda, en día de sesión pública, oralmente o por medio de un escrito, que leerá el propio interesado o persona que le represente. Del acta de la sesión se le dará copia al



Bernardino Araujo	Alcalde
José Martínez Barros	1º Tte. alcalde
Juan Pinzás Bermúdez	2º Tte. alcalde

Concelleiros: Jesús González Vilar, Domingo Giráldez Giráldez, Francisco Figueiro Núñez, Perfecto Rodríguez Alvorés, Manuel Marcote Varela, Anastasio Durán Martínez, José Lemos Ante, Juan González Barreiro e José Chamorro García.<sup>29</sup>

Un total de doce rexedores. Se atendemos ao seu nivel socio-económico, destaca o feito de que eran todos importantes propietarios, algúns rentistas e outros comerciantes, pero ningún deles figuraba entre os primeiros pagadores da contribución do municipio, se exceptuamos os candidatos á alcaldía. Unha boa parte deles eran emigrantes retornados, polo menos cumprían esa condición, Giráldez, Pinzás, Martínez Barros, Araujo, Lemos Ante e Rodríguez Alvorés, todos en Buenos Aires. Cabería pois, colixir que, aínda que por distintos procedementos, nada cambiara respecto á condición social dos compoñentes das corporacións da etapa anterior, iso si, os devanditos concelleiros eran novos no cargo, xa que non participaran nunca de responsabilidades políticas na casa consistorial. Aínda que moitos deles figuraran en actos políticos e sociais á beira dos anteriores alcaldes monárquicos e mesmo apoiaron as súas candidaturas electorais. O alcalde Araujo era un exemplo diso ao apoiar en distintas ocasións os políticos urzañistas. Polo lado contrario, Giráldez e Lemos Ante eran dirixentes agrarios nas súas parroquias, e Martínez Barros e Pinzás militaran na oposición ao urzañismo local.

Se temos en conta a representación parroquial, observamos que o novo réxime non tivo en conta o peso político que puidese corresponderlle á parroquia de Baiona por ser a capital e o núcleo urbano máis importante do municipio. É obvio que o sorteo efectuado entre os contribuíntes deixou ao azar os nomes e o lugar de procedencia dos elixidos. Así, Santa Cristina de Sabarís non soamente achegaba o alcalde, senón que monopolizaba o equipo directivo coa elección dos seus dous concelleiros como tenentes de alcalde; igualaba, ademais, a representación da vila: González Vilar, Marcote Varela e Chamorro García. Por Belesar entraron na corporación, Giráldez Giráldez e Figueiro Núñez; por Baredo, Durán Martínez e González Barreiro, e por Bahiña, Rodríguez Alvorés e Lemos Ante. É fácil supoñer que esa configuración non lles agradou aos notables da capital que, ademais, estaban representados no goberno local por concelleiros de pouca proxección mediática e social, por elites de segundo nivel.

En Gondomar o procedemento seguido foi idéntico ao de Baiona, actuando nese Concello como delegado da autoridade militar o comandante do posto da Garda Civil dese municipio, Juan Miguel Nieto. Á sesión plenaria do día 30 de setembro acudiron, nese caso, tanto a corporación saínte como

<sup>29</sup> Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 53, Libro de Actas Municipais 53/1. Sesión plenaria de 1 de outubro de 1923.

a entrante, nun detalle de cortesía por parte dos primeiros. Realizado o escrutinio da votación para alcalde, resultou elixido, por maioría absoluta, Estarque Misa, con tres tenentes de alcalde, por ser o executivo máis numeroso dos concellos do Val de Miñor debido ao seu maior censo de poboación:

Domingo Estarque Misa	Alcalde
José Domínguez González	1º tenente alcalde
José Quintas Troncoso	2º tenente alcalde
José Fajo Pinzás	3º tenente alcalde

Concelleiros: José Fernández Hermida, Ramón Pérez Rodríguez, José Domínguez Couto, Perfecto Martínez Martínez, Domingo Misa Lorenzo, José Fernández Teijeiro, Manuel Martínez Martínez, Manuel Martínez Alonso, Manuel Ángel Figueiro Rodríguez, Enrique Hermida Rial, Francisco Alonso Martínez, Manuel Rial Estévez e Manuel González Troncoso.<sup>30</sup>

Tamén aquí, a autoridade superior procurou que os dezaseis vogais asociados elixidos para os cargos de concelleiro fosen novatos á hora de manexar os asuntos políticos municipais. A súa situación económica era solvente ao ser todos propietarios, rexentando algúns os seus propios negocios. Así, o alcalde Estarque Misa, da parroquia de Gondomar, era un industrial que posuía varios despachos de carbón e licores en Lisboa. O seu primeiro tenente alcalde José Domínguez, aínda que era veciño de Vilaza, exercía como comerciante no centro urbano. Todos estiveran lonxe dos focos partidistas excepto Fajo Pinzás, de adscrición conservadora no pasado. O alcalde colaborara, desde Lisboa, co semanario de Baiona, *El Pueblo*, de ideoloxía maurista.



D. Estarque Misa, Alcalde de Gondomar. Arquivo familiar

<sup>30</sup> Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 21, Libro de Actas Municipais 21/4. Sesión plenaria de 2 de outubro de 1923.

En Nigrán a constitución do novo goberno local atrasouse ata o día 2 de outubro e estivo presidida polo comandante do posto da Garda Civil de Baiona, Francisco Muñoz Paz, ao non existir destacamento dese instituto armado nese concello. Resultou ser unha corporación cun total de trece edís, que elixiron desta forma os seus cargos directivos:

Francisco Cadaval Zúñiga	Alcalde
José Villar Valverde	1º Tenente Alcalde
Vicente Caldeiro Alejos	2º Tenente Alcalde
José Benito Adán Fernández	3º Tenente Alcalde

Concelleiros: Manuel Crespo González, José Misa González, José Benito Fortes Sanromán, Francisco Cabreira (menor), Manuel Rouco Valverde, Luís González González, Benito Cabanelas Diz, Manuel Pérez Pena e José Valverde Rouco<sup>31</sup>.

Seguiuise aquí a mesma tendencia dos concellos anteriores, todos propietarios en distinto grao, emigrantes retornados e homes de negocios como cantería, carpintería, ultramarinos e de pesca. O alcalde Cadaval Zúñiga era o maior contribuínte de rústica da parroquia de San Pedro; Villar Valverde érao da parroquia de Parada, mentres que Luís González o era de todo o municipio; tamén Adán Fernández era un importante propietario de leiras. O máis significativo foi a aparición na corporación dos agrarios Rouco Valverde e Fortes Sanromán, este último presidente do Sindicato Católico de Panxón e, ao mesmo tempo, o maior contribuínte de urbana desa localidade. A parroquia de San Pedro vai acaparar o maior número de escanos e os de maior relevancia no executivo local.

A organización e formación dos novos concellos foi un éxito. Polo menos se tomamos ao pé da letra as declaracións do subsecretario do Ministerio de Gobernación, Martínez Anido, á prensa: “la constitución de los ayuntamientos se llevó a cabo en España sin el más ligero incidente. Ningún vocal se negó a ocupar su puesto en el Consejo”<sup>32</sup>. Con todo, *El Sol* vaise mostrar moi crítico coa participación exclusiva dos vogais asociados nas corporacións locais, que considera como unha continuación do caciquismo anterior “por ser los asociados tan hechura suya (de los caciques) como los antiguos concejales (...) sujetos sumisos a la voluntad de los caciques”<sup>33</sup>.

Unha vez constituídos os renovados concellos, as autoridades locais xa puideron facer uso da documentación existente nos arquivos e do diñeiro metálico da caixa de caudais para seguir a súa xestión administrativa cotiá, que o gobernador civil mandara precintar desde que foi emitido o Decreto de disolución ata o funcionamento das novas corporacións, xa que non había garantías de que non pui-

desen desaparecer expedientes das dependencias municipais<sup>34</sup>. O alcalde e o seu equipo, por tanto, xa podían tomar decisións políticas e realizar investimentos económicos. Pero iso non impediu que o control do poder gobernativo provincial sobre os municipios, xa moi presente durante a etapa monárquica, se estendese agora a todas as facetas da xestión, tanto política como administrativa. Mesmo se chegou a marcar a axenda dos respectivos gobernos locais nos seus primeiros pasos, sobre todo, con medidas sinxelas pero exemplarizantes, receitas populistas e comportamentos moralizantes, que foron ben recibidas pola veciñanza en xeral e que marcaban distancias co réxime anterior.

A intervención do Directorio a través do gobernador civil non ofrece dúbida. Polo menos se temos en conta as ordes e recomendacións que este último lles transmite por medio das autoridades militares locais. Neste sentido, o primeiro encargo que se lle encomendou aos concellos tivo que ver co control, vixilancia e abastecemento dos elementos máis imprescindibles para a vida cotiá dos veciños: as subsistencias. Aos gobernos locais do Val de Miñor váiselles enviar unha comunicación onde se lles encargaba a realización de certas tarefas, tales como xestionar o abaratamento dos produtos de primeira necesidade, a información pública dos prezos por parte dos establecementos comerciais e celo en canto ao peso e calidade dos produtos expendidos<sup>35</sup>.

Ese documento era a proba evidente de que o tenente de Carabineiros de Baiona, o comandante do posto da Garda Civil de Gondomar e o mesmo xefe do destacamento



José Villar Valverde, Tte. Alcalde de Nigrán. Arquivo de Regina Valverde Rodríguez.

31 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2036, Libro de Actas Municipais 2036/4. Sesión plenaria de 2 de outubro de 1923.

32 *El Sol*, 3 de outubro de 1923.

33 *Ibid.*, 10 de outubro de 1923.

34 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 221, Cartafol 221/2, Documento con data de 5 de outubro de 1923.

35 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 21, Libro de Actas Municipais 21/4. Sesión plenaria de 5 de outubro de 1923.

de Baiona son de facto os inspectores da política local en representación do gobernador militar. Mesmo estarán por encima dos gobernos municipais de Baiona, Gondomar e Nigrán, co seu propio persoal de supervisión e control e coa súa capacidade para admitir queixas veciñais e presentar denuncias ante as instancias superiores.

Ás corporacións locais non lles quedou máis remedio que adecuar o seu traballo ás esixencias da autoridade militar e á normativa que ían promulgando. Por iso, os alcaldes vanlles ordenar aos concelleiros e empregados públicos que analicen o leite, repesen o pan e controlen o peso e calidade da carne. O alcalde de Baiona asinou varios edictos, na mesma liña que os demais alcaldes, sobre a obrigatoriedade que tiñan os establecementos comerciais dos seus respectivos municipios de publicitar os prezos dos produtos alimenticios, sobre a responsabilidade dos pais en canto á asistencia dos nenos á escola e tamén lembrándolles aos mestres a obrigatoriedade de cumprir o calendario e horario regulamentarios, xa que as escolas permanecían pechadas todos os xoves.

Unha das medidas máis contestadas polos industriais de Baiona foi a obrigatoriedade de rebaixar 10 cts. o prezo do pan, pois se queixaban do elevado custo da faría. Os consumidores, en cambio, acusábanos de falta de peso das pezas, do que se defendían argumentando que o pan que tiña un menor peso que o esixido tiña tamén un menor prezo que o mercado, cousa que á súa vez rexeitaban os controladores municipais<sup>36</sup>. Esta nova política fiscalizadora tamén terá os seus damnificados no concelleiro Chamorro García, ao que o alcalde interino, Martínez Barros, suspendeu das súas funcións de inspector dos artigos de primeira necesidade por motivo de *razones especiales*, xiro eufemístico que encerraba o pouco celo posto no servizo das súas funcións ou o desenvolvemento dunha conduta de conivencia, como os vellos tempos, cos panadeiros e comerciantes da zona<sup>37</sup>.

Ese período ilusionante de cambios, aínda que sexa nas formas, que se vivía, tamén vai xerar reivindicacións por parte dos concellos e de colectivos veciñais. Neste sentido, desde Baiona reclamouse que se instalase na vila un Xulgado de Primeira Instancia que facilitaría que os asuntos legais dos veciños do Val de Miñor se resolvesen na comarca, xa que agora tiñan que trasladarse a Vigo, así como ter apostado un pequeno barco canoneiro no seu porto que, á parte dos labores de vixilancia, servise para favorecer as misións de rescate nesta perigosa costa. Á corporación municipal de Baiona tamén chegaban as queixas dos contribuíntes que tiñan que esperar ao aire libre e baixo as inclemencias do tempo, para facer efectivo os recibos do imposto da contribución diante da oficina do recadador. Valorouse que a partir de agora o fixesen na Casa Consistorial.

36 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 53, Libro de Actas Municipais 53/2. Sesións plenarias do 12, 19, 26 de outubro e 2 de novembro de 1923.

37 *Ibid.*, Sesión plenaria de 16 de novembro de 1923.

Os particulares tamén daban renda solta ás súas demandas, así o fixo o patrón de pesca Policarpo Vilar, que solicitou máis eficacia e auxilio aos cónsules españois en Portugal para que non sucedan atropelos cando os pesqueiros de Baiona faenen nas augas do país veciño<sup>38</sup>. De feito, as peticións de socorro dos armadores polos seus conflitos cos gardacostas portugueses eran reincidentes; así, a finais dese mesmo ano, o armador de Sabarís, Francisco Pereira Jorge, denunciaba ante o Directorio ás autoridades lusas polos abusos que sufrían os pesqueiros españois “propios de naciones en guerra y no amigas”<sup>39</sup>.

Pero, a pesar da instalación dun novo réxime en España e do control sobre as corporacións das autoridades militares, non había razón ningunha para que no goberno local de Baiona desaparecesen os métodos antigos e usos do caciquismo da noite para a mañá. Á fin e ao cabo eses maiores contribuíntes que foran elixidos concelleiros por sorteo, soamente tres meses atrás eran ferventes partidarios da Monarquía e dos partidos dinásticos, fundamentalmente do partido liberal e de Urzáiz. Por iso, esas prácticas abusivas, propias dos vellos tempos, vanas levar a cabo á hora de provisionar o cargo de Depositario dos fondos municipais, para o que se presentaron dous candidatos: por unha banda, Ramón Troncoso, antigo maurista, veciño da vila e ex recadador de impostos; e por outro, Rosendo Pinzás Bermúdez, veciño de Sabarís, irmán do tenente alcalde, Juan Pinzás Bermúdez, e tamén de Silverio e Modesto, que eran vogais asociados pola mesma parroquia. En definitiva, Bermúdez pertencía a unha familia de propietarios, retornados de Buenos Aires, ben posicionada na localidade, incluída entre as novas elites e que vai formar parte das directivas agrarias, do Somatén, de Unión Patriótica.

A elección, para empezar, estivo rodeada de polémica e de trato de favor a Pinzás Bermúdez, pois, a pesar de que o seu irmán concelleiro non participou na votación, foi acusado por Troncoso de distribuír entre os concelleiros papeletas manuscritas co nome do seu irmán Rosendo para que fose elixido. Ao final designaron a Pinzás por cinco votos a catro, tras conseguir este o apoio dos edís das parroquias. Hai que ter en conta que esa corporación contaba con pouca representación de elementos de Baiona e que o alcalde e

38 “Llevaba varios días en la mar con el vapor Gallito que patroneo cuando, ante la falta de toda clase de víveres, creí oportuno arribar al puerto portugués de Peniche con el objeto de provisionarme, al igual que otras veces, de lo más indispensable para el sustento de la tripulación. En la mañana del día 19, al intentar trasladarme en un bote a tierra, cae sobre nosotros una lluvia de piedras acompañada de gritos subversivos, proferidos por una turba de mujeres y niños que nos imposibilitaron continuar, obligándonos nuevamente a hacernos a la mar, sin explicarnos el extraño proceder que con nosotros se realizaba”. *Faro de Vigo*, 26 de outubro de 1923.

39 *Galicia* 28 de decembro de 1923. O telegrama continuaba “(...) mi vapor Valle Miñor, fue detenido arbitrariamente como otros sesenta según aseguran marineros llegados cuando estaban resguardados temporal puerto Peniche y llevados Lisboa donde continúan. Confío urgente intervención V.E. favor importantísima industria pesquera y sobre todo miles obreros del mar atropellados”.

os tenentes alcaldes eran veciños da parroquia de Sabarís, a mesma localidade que a familia Pinzás. No recurso de alzada que interpuxo Troncoso, á parte de citar eses feitos, os cales non puido ou non quixo corroborar o alcalde por ignoralos, argumentou tamén a nacionalidade portuguesa do concelleiro da parroquia de Baredo, González Barreiro, nun intento de descualificar o seu voto, así como o inadecuado procedemento de votación secreta coa que se resolveu a elección. Impugnacións que non foron tidas en conta pola Comisión Provincial, que desestimou o recurso<sup>40</sup>.

En Gondomar, a corporación recentemente estreada sufriu rapidamente as primeiras baixas na súa composición. Manuel Rial Estévez, que renunciou ao cargo de concelleiro ao marchar a Buenos Aires para atender os seus negocios, e Domingo Misa Lorenzo, que xa non puido tomar posesión do seu escano por vivir en América. O sorteo entre os actuais vogais asociados, para cubrir as dúas vacantes, favoreceu a Ignacio Rodríguez Gonda e Juan Rodríguez Longres<sup>41</sup>.

A maioría dos vogais asociados de Gondomar, presentes na corporación, estaban moi vinculados coa familia Alonso, primeiro co patriarca Manuel Alonso, que durante moitos anos exerceu como secretario dese concello, e despois co seu fillo Urbano, que herdou o cargo do seu pai e que, como o seu predecesor, manexaba ao seu antollo, durante a etapa monárquica, a listaxe e a elección deses vogais.

A pesar diso, había algúns membros dentro da corporación convencidos da súa misión reformadora e da nova política que defendía o Directorio. Así, a finais de outubro, o concelleiro da parroquia de Donas, Manuel Martínez Martínez, presentaba unha moción en sesión plenaria cun encabezamento significativo: “en la línea de moralidad y lucha contra el derroche y despilfarro”. Abundando na recta administración dos recursos municipais, Martínez, que vivía de rendas e posuía negocios en Montevideo, expoñía, por unha banda, o luxo que supoñía para este concello que con catro empregados públicos exercendo o seu labor nas tarefas administrativas se facturase moito diñeiro en externalizar servizos tales como a confección de repartimentos, padróns de cédulas persoais e de veciñanza, censos de poboación, rexistro fiscal e outros<sup>42</sup>.

Polo demais, aquí tamén tiveron lugar os mencionados controis e repesos ás subsistencias, moitas veces por queixas e denuncias dos veciños, e, así mesmo, as consabidas peticións á corporación, como a que fixo o director das escolas graduadas Rodríguez Márquez solicitando máis alumeado para as mesmas. Esta demanda vai orixinar un debate entre os edís e as súas diferentes posicións que vai rematar nunha votación, acto novo no actual parlamento

local, xa que no pasado, a pesar de que existían excepcións, calquera asunto da orde do día sometido a discusión nunha sesión plenaria aprobábase ou rexeitábase por unanimidade, sen recorrer a un plebiscito interno.

As intervencións dos veciños nos plenos, de acordo coa nova normativa, tiveron que ver con deficiencias no funcionamento dos servizos públicos, tales como arranxos de camiños, que eran os máis, e outros. Nese sentido, chamou a atención a petición do mestre Benedicto Crespo para a reparación dunha vereca que conducía ao cemiterio de Vincios e estaba intransitable, polo que “para llevar los muertos tienen que pasar por fincas particulares”<sup>43</sup>. Tamén cabían outras reivindicacións, tales como: a localización da futura estación telegráfica, a esixencia dunha estafeta de correos e mesmo peticións como a do cura de Peitieiros, Leoncio González Hernández, que solicitou que se lles dese maior publicidade aos bandos do Goberno Civil sobre as consecuencias de proferir blasfemias e, ao mesmo tempo “le estraña que no forme parte de la Corporación algún vecino de Peitieiros, para poder defender la parroquia”<sup>44</sup>.

E, por suposto, tampouco faltaron as sancións exemplarizantes, como a multa de cen pesetas que sufragou Constantino de Lis, que exercía de carteiro da vila, por perder unha carta certificada. Pero algunhas autoridades tiñan patente de corso ante esas acometidas da autoridade militar, parecían intocables pola súa adhesión inquebrantable ao réxime. Así, por exemplo, por incumprir a ordenanza que obrigaba a ter os cans soltos con buceira, párroco de Gondomar vai sancionar con 100 pesetas, punición que foi condonada polo mesmo delegado gubernativo despois de que o clérigo presentase un recurso de alzada; non obstante ese relixioso ía ocupar importantes postos directivos na agrupación local da Unión Patriótica. Co cura de Peitieiros pasou un caso similar. En cambio, cando o sector eclesiástico era o ofendido, non se aplicaba tal xenerosidade, como lle pasou ao ex concelleiro monárquico e antigo urzañista de Morgadán, José Márquez Pérez, que non tivo máis remedio que ingresar no Goberno Civil a cantidade de 75 ptas. tras ser condenado por insultar mesmo párroco de Gondomar.

Os agrarios tamén figuraban entre os privilexiados. Por iso, ás directivas da sociedades agrarias das parroquias de Donas e Borreiros tampouco se lles fixo efectiva unha sanción económica de cen pesetas que lles fora imposta pola autoridade provincial anterior.

O Directorio tamén vai premiar os seus fieis seguidores, e, antes de rematar o ano, o secretario interino Pablo Nieto vai presentar a renuncia do seu cargo tras conseguir un posto de secretario no Xulgado municipal no concello de Mos<sup>45</sup>.

40 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 276 Cartafol 276/12. Documento con data de 28 de xuño de 1924.

41 Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 21, Libro de Actas Municipais 21/3. Sesión plenaria del 21 de outubro de 1923.

42 *Ibid.*, Sesión plenaria de 28 de outubro de 1923.

43 *Ibid.*, Sesión plenaria de 27 de xaneiro de 1924.

44 *Ibid.*, Sesión plenaria de 25 de novembro de 1923.

45 *Ibid.* Sesión plenaria de 2 de decembro de 1923.

En Nigrán, xa desde o principio, a integridade da corporación tamén corría perigo. O alcalde, Cadaval Zúñiga, presentaba a dimisión esgrimindo a súa avanzada idade e o delicado estado de saúde; a súa falta de mobilidade estaba certificada cun informe do médico municipal, Castro Somoza. Tras a súa insistencia e a recomendación do párroco de San Pedro da Ramallosa, o goberno local acabou por aceptar a súa renuncia<sup>46</sup> aténdose ao artigo 43 da Lei Municipal e Real Decreto do 15 de decembro de 1909<sup>47</sup>.

Ata aquí procedeuse ao reiterativo repeso do pan e vixilancia da calidade do leite, e conseguíronse tranquilizar as protestas polo elevado prezo da carne, alcanzando unha rebaixa no prezo dese produto, despois de levar a cabo o alcalde unha negociación co único carnicero da localidade.

As elites agrarias deste concello aproveitaron a quenda de rogos e preguntas, establecido nos plenos, para facer declaracións de fe primorriverista, tal como sucedeu en novembro de 1923, cando o agrario e futuro alcalde de Nigrán, Vicente Rodríguez Pérez, pediu a palabra para solicitar o apoio ao novo réxime e elevar a súa protesta ao gobernador civil sobre a existencia, aínda importante, do espírito caciquil no municipio<sup>48</sup>.

Rodríguez Pérez estaba moi agradecido ao Directorio xa que, sendo sancionado polo anterior gobernador civil cunha multa económica meses antes do pronunciamento de Primo de Rivera, foi indultado polo novo réxime, ao resolver favorablemente ou seu recurso de alzada.

Esta etapa esperanzadora, que citabamos antes, de cambios, de transformacións, aínda que fosen superficiais, de marcar distancias cos gobernos anteriores e coas formas de actuar caciquís, instalouse enseguida na sociedade do Val de Miñor, que pronto adoptará os costumes e os usos do novo réxime. Como un exemplo de que novos tempos políticos chegaran, que algo estaba a cambiar e que había distintas respostas ante situacións parecidas e acacidas anteriormente, foi fiel reflexo a noticia da marcha de viaxe de volta para Madrid, desde as súas posesións en Nigrán, do ex ministro Ángel Urzáiz, que era recollida por algúns xornais, non todos, cun titular moi sinxelo: “Regreso a Madrid de A. Urzáiz”. Outras informacións facíanse eco da diferenza do tratamento dado a ese acontecemento, comparándoo co que pasara había dez ou quince anos, cando acudían a despedirille moitos adictos con cargos provinciais e locais importantes e, por suposto,

moitos xornais cubrían a noticia, en primeira páxina, e durante varios días, antes e despois da súa marcha<sup>49</sup>.

Outro cambio foi o que tivo que ver coa proximidade á Italia fascista que converteu a Benito Mussolini nun paradigma da orde, a defensa da familia e dos valores tradicionais. A admiración polo Duce xeneralizouse ao longo de toda a Ditadura, e mesmo se trataron de imitar certos modelos de conduta ou postas en escena. Así, mentres que por unha banda os curas da comarca pedían que o Directorio tomase nota e se clausurasen os locais destinados a practicar os bailes, como se fixo en Italia, por outro popularizábase a creación de bandas escolares con tambores, trompetas e desfiles, co envoltorio e aparato militar, e que se ían a utilizar para os recibimentos de autoridades ou en festas cívico-relixiosas. Non resultará estraño, entón, que o mestre de Donas, Manuel Casabella Pernas, moi na onda do pensamento fascista, tivese na parede da súa escola de nenos o retrato do Duce, Mussolini<sup>50</sup>.

## Referencias bibliográficas

- BEN AMI, S. (1984): *La Dictadura de Primo de Rivera 1923-1930*, Barcelona, Planeta.
- CALVO SOTELO, J. (1974). *Mis servicios al estado. Seis años de gestión. Apuntes para la historia*. Instituto de Estudios de Administración Local. Madrid,
- CASASSAS YMBERT, J. (1983). *La Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930). Textos*. Anthropos. Barcelona,
- GÓMEZ PEDREIRA, J.A. (2008). *La Administración Local en la Dictadura de Primo de Rivera*. Tesis doctoral dirigida por J.L. GÓMEZ NAVARRO. Facultad de Ciencias Políticas y Sociología de la UNED. Texto mecanografiado.
- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, C. (2000). La Dictadura de Primo de Rivera: una propuesta de análisis. *Anales de Historia Contemporánea* 16: 337-408.
- JULIÁ DÍAZ, S. (1999): *Un siglo de España. Política y Sociedad*, Marcial Pons. Madrid,
- TUSELL GÓMEZ, J. (2007): *Historia de España en el siglo XX. 1 Del 98 a la proclamación de la República*. Taurus. Madrid.
- VEIGA TABOADA, M. (2004). O réxime de Primo de Rivera en Vigo e na provincia de Pontevedra. *Pontevedra: Revista de Estudios Provinciales* 20. Deputación de Pontevedra.
- VILLARES PAZ, R. (2005). Restauración y Dictadura en Galicia (1874-1930) In J. DE JUANA & J. PRADA (coords.) *Historia Contemporánea de Galicia*. Ariel. Barcelona.

46 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2036, Libro de Actas Municipais 2036/4. Sesión plenaria de 2 de decembro de 1923

47 Artigo 43 da Lei Municipal, “Pueden excusarse de ser concejales los mayores de 60 años y los físicamente impedidos. R.D. de 15 de diciembre de 1909, párrafo último Que las excusas de los concejales, posteriores a la toma de posesión incluso en sus causas se sustanciaran y resolverán por el Ayuntamiento”.

48 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2036, Libro de Actas Municipais 2036/4. Sesión plenaria do 18 de novembro de 1923.

49 *La Voz del Miñor*, 3 de novembro de 1923.

50 Xa non era a primeira vez que representantes do Maxisterio manifestaban a súa simpatía e aínda a súa nostalgia pola figura dun Mussolini para España, mesmo antes do pronunciamento de Primo de Rivera. O mestre de Mañufe, Rogelio de la Granja, botaba de menos un personaxe con man dura uns meses antes do golpe, cando escribía na *Voz del Miñor*: “Por desgracia para España y para el Magisterio, carecemos de un Mussolini que sepa enderezar a los que viven y medran a cuenta del pobre pueblo”. *Ibid.*, 7 de abril de 1923.